



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Módulo VI. Intervención administrativa e disciplina urbanística. A regulación, xestión e planificación adaptativa da costa

CONVOCATORIA: Curso superior de técnico de urbanismo 2022/23

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	32
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 04/11/2022 - 10:00h ao 01/12/2022 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

De acordo co establecido na base sexta, ordinal 6º, da convocatoria do Curso superior de técnico de urbanismo 2022/23 (DOG núm. 240, do 16 de decembro de 2021): No caso de dispoñer de prazas vacantes abrírase un prazo adicional de solicitudes só para os módulos optativos.

O obxectivo deste módulo é que o alumnado poida adquirir os coñecementos necesarios en relación ás intervencións no ámbito costeiro.

Proporcionarase ao alumnado unha formación especializada, sobre a regulación da costa en España, a súa configuración e réxime de usos, obras permitidas e prohibidas, así como os mecanismos administrativos de control sobre a ocupación e o uso da costa. Ao mesmo tempo expóranse supostos de éxito na planificación e implementación de proxectos na zona do litoral, así como os efectos do cambio climático sobre a costa e a poboación.

Este módulo artículase en dous bloques temáticos:

BLOQUE 1: O MARCO LEGAL

Neste primeiro bloque, analizarase e estudarase o réxime xurídico establecido pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, así como a Real Decreto Legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante.

Exporase, desde un punto de vista eminentemente práctico, a configuración da costa coas súas afeccións e servidumes, o seu réxime de utilización con especial referencia ás concesións e o seu peculiar réxime. Estudarse e analizarase o peculiar réxime deseñado pola Lei de Costas que resulta alleo a moitos operadores urbanísticos e en ocasións moi diferente ao réxime urbanístico, co que debe convivir.

Neste primeiro bloque analizarase tamén o Plan de Ordenación do Litoral, coas afeccións que xera, así como o control ambiental de obras e proxectos con incidencia sobre a costa.

BLOQUE 2: CAMBIO CLIMÁTICO. A PLANIFICACIÓN E O DESEÑO ADAPTATIVO DAS ZONAS COSTEIRAS.

O cambio climático ten como consecuencia directa a degradación da costa. Os efectos deste proceso (subida do nivel dos océanos, aceleración da erosión da costa, etc.) xa son visibles e irán en aumento nos próximos anos, transformando de maneira substancial tanto os bordos litorais como as zonas situadas no seu ámbito de influencia.

Por iso, resulta esencial contar con ferramentas que permitan un deseño e planificación resiliente das zonas litorais e que posibiliten a súa adaptación ás transformacións que terán lugar como consecuencia do cambio climático.

Neste segundo bloque temático do curso, analizaranse exemplos reais e, a través deles, identificaranse os aspectos cruce, os factores de vulnerabilidade, riscos e estratexias de intervención para a mitigación de danos neste proceso adaptativo da costa.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido a profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

- Persoal empregado público das administracións públicas galegas, pertencente aos seguintes grupos:

– Persoal funcionario: subgrupos A1 e A2.

– Persoal laboral: grupos I e II.

- Arquitecto/a Colexiado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en diante, COAG).

- Persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente así como profesionais que estean en posesión da titulación de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica ou enxeñería técnica.

PROGRAMA

Contidos e duración:

O bloque I ten unha duración de 20 horas, estruturadas en 2 de 8 horas cada unha máis unha terceira de 4 horas de duración.

O segundo bloque ten unha duración de 12 horas, estruturadas en 1 sesión de 4 horas e unha última de 8 horas de duración.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Data e hora de presentación de solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Para formalizar a inscrición a través da área de matrícula:

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (réxime xurídico e xestión das entidades locais) e despois seleccionar en nome do curso Módulo VI. Intervención administrativa e disciplina urbanística.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 05/12/2022 a 19/12/2022

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 5: O día 12 de decembro de 10:00 a 14:10. O día 12 de decembro de 15:30 a 17:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 11: O día 05 de decembro de 10:00 a 14:15. O día 05 de decembro de 15:30 a 19:30. O día 15 de decembro de 10:00 a 14:15. O día 15 de decembro de 15:30 a 19:30. O día 19 de decembro de 10:00 a 14:10. O día 19 de decembro de 15:30 a 17:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA